



## RESOLUCIÓN DO PROCESO E PRAZOS DE MATRÍCULA DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA DE OLEIROS PARA O CURSO ESCOLAR 2026/2027

### ANTECEDENTES E FUNDAMENTOS DE DEREITO

- 1 No “Regulamento de organización e funcionamento da Escola Municipal de Danza de Oleiros”(REMDO), publicado no BOP da Coruña núm. 72 do 16.04.2013, no seu Capítulo 3 e o Anexo 1 indícase o procedemento de matrícula para acceder aos estudos na dita escola.
- 2 Posto que o inicio do proceso de matrícula comezará o 1 de marzo, para proceder á renovación do alumnado matriculado neste curso escolar e realizar as novas matrículas para o vindeiro curso escolar 2026/2027, é necesario aprobar e publicar o calendario e instrucións que rexerán este proceso.

Polo exposto, e en virtude das atribucións contidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía núm. 2023003281 de 21 de xuño.

### RESOLVO:

- 1 Aprobar o seguinte calendario de renovacións e novas matrículas para o curso escolar 2026/2027, da Escola Municipal de Danza de Oleiros e as instrucións que rexerán para estas.

### CURSO ESCOLAR 2026/2027 Cadro do proceso e prazos de matrícula da ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA

| FASE                            | PRAZOS     | ACCÍONS                                                                                                    |
|---------------------------------|------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1. RENOVACIÓN DAS<br>MATRÍCULAS | 2-13 marzo | Renovación das matrículas de Música e Movemento, Danza Clásica, Danza Urbana e Danza para Adultos/as       |
|                                 | 23 marzo   | Publicación das prazas vacantes de Música e Movemento, Danza Clásica, Danza Urbana e Danza para Adultos/as |
|                                 | 7 abril    | Publicación de todas as prazas vacantes                                                                    |





| FASE                                        | PRAZOS                                            | ACCIÓNS                                                                                                      |
|---------------------------------------------|---------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>2. MATRÍCULA DE PRAZAS LIBRES</b>        | 8 - 16 abril                                      | Pre-inscrición libre para ámbitos de Música e Movemento, Danza Clásica, Danza Urbana e Danza para adultos/as |
|                                             | 20 abril                                          | Sorteo de letra para adxudicar prazas                                                                        |
|                                             | 27 abril                                          | Publicación de prazas adxudicadas                                                                            |
|                                             | 28 abril - 12 maio                                | Prazo de alegacións ás prazas adxudicadas e á listaxe de espera.                                             |
|                                             | 19 maio                                           | Publicación dos resultados das alegacións.                                                                   |
|                                             | 20 maio - 2 xuño                                  | Formalización das matrículas e aboamento das taxas e entrega de documentación.                               |
|                                             | 4 xuño                                            | Publicación de matriculados/as e listaxe de espera                                                           |
| <b>3. MATRÍCULA DE PRAZO EXTRAORDINARIO</b> | 1 setembro –<br>Último día lectivo<br>de febreiro | Período extraordinario de solicitude de praza . Listaxe de espera por orde de rexistro.                      |
|                                             | Último día lectivo<br>de febreiro                 | Desafección de listaxe de espera do curso escolar vixente.                                                   |

**HORARIO** para a realización dos procesos antes descritos será o seguinte:

De luns a venres: de 16:00 a 21:00 h

**LUGAR:** Secretaría da Escola Municipal de Danza.

- 2 Facer pública esta resolución nos taboleiros de anuncios da Escola Municipal de Danza, do Concello de Oleiros e do Centro Cultural A Fábrica.
- 3 Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento





administrativo común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

- 4 Notificar esta resolución á empresa adxudicataria da xestión da Escola Municipal de Danza para os efectos oportunos.

Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola sétima tenenta de alcalde delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, e o secretario accidental, que dá fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018, do 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro).

